

Dous Ribeira Sacra no podio dos viños galegos en Euskadi

A "Irmandade dos Centros Galegos en Euskadi" organizou este ano a XIX Cata **Concurso de "Viños Tintos Galegos"**, que se celebrou en Sestao durante os actos do XXXIV Día de Galicia en Euskadi.

O xurado formado por membros da Asociación de Euskadi de Sumilleres - Euskadiko Sumillerren Elcartea, deulle o primeiro e terceiro posto a dous viños da D.O. Ribeira Sacra.

Capador, Mencía barrica de 2017 de Adega Tear é o **primeiro clasificado** e o **terceiro**, **Casa Moreiras**, Mencía 2018 de Adega Casa Moreiras. O segundo clasificado e o accésit vanse respectivamente para Rías Baixas e Valdeorras. A D.O. Ribeira Sacra presentara a este concurso **14 mostras pertencentes a 9 adegas**.

Os viños con D.O. Ribeira Sacra continúan obtendo importantes recoñecementos tanto a nivel nacional como internacional e colleitando éxitos nunha progresión constante, como resultado do traballo común dun colectivo formado por viticultores e adegueiros aos que se suman as políticas de promoción, control e mellora de calidade levadas a cabo polo Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra.